ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020

CENTRO: IES O RIBEIRO

GRUPO: 1º BACHARELATO A

MATERIA: BIOLOXÍA E XEOLOXÍA

DEPARTAMENTO: CIENCIAS NATURAIS

DATA: 5-05-2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles**

Criterios de avaliación	Estándar de aprendizaxe
1ª e 2ª avaliacións: **Bloque1: Os seres vivos: composición e función** - **Unidade 1** **Bloque 2. A organización celular** - **Unidade 2** **Bloque 3. Histoloxía** - **Unidade 3** **Bloque 4. A biodiversidade** - **Unidade 4** - **Unidade 5** **Bloque 5. As plantas: funcións e adaptacións ao medio** - **Unidade 6** - **Unidade 9**	
A materia impartida na primeira e segunda avaliación non sofre cambios con respecto ós estándares e criterios referidos na programación orixinal	
3ª avaliación	
Bloque 6. Os animais: Funcións e adaptacións ao medio - **Unidades 7, 8, 11** **Bloque 7. Estrutura e composición da Terra** - **Unidades 13, 14** **Bloque 8. Os procesos xeolóxicos e petroxenéticos** - **Unidades 15, 16, 17** **Bloque 9. Historia da Terra** - **Unidade 12**	

Criterios de avaliación	Estándar de aprendizaxe
Bloque 6. Os animais: Funcións e adaptacións ao medio	
Distinguir os modelos de aparellos dixestivos nos animais	Recoñecer as diferencias dos aparellos dixestivos dos invertebrados
	Recoñecer as diferencias dos aparellos dixestivos dos vertebrados
Diferenciar a estructura e a función dos órganos do aparello dixestivo e as súas glándulas.	Relacionar cada órgano do aparello dixestivo ca función
Comprender e describir os conceptos de circulación aberta-pechada, simple-doble, completa-incompleta.	Asocia representacións sinxelas do aparello circulatorio co tipo de circulación.
Distinguir respiración celular e respiración pulmonar	Diferenciar as dúas e explicar o significado biolóxico.
Coñecer os tipos de aparellos respiratorios en invertebrados e vertebrados	Asocia os aparellos respiratorios cos grupos ós que pertencen e recoñéceos en representación esquemáticas (debuxos)
Describir os principais tipos de órganos e aparellos excretores	Recoñece as estructuras excretoras en representacións esquemáticas

Enumera os principais productos de excreción	Enumerar os principais productos de excreción (animais ureotélicos, uricotélicos e amoniotélicos)
Comprender e describir o funcionamento integrado dos sistema nervioso e endócrino	Relaciona a coordinación nerviosa e hormonal
Coñecer os principais compoñentes do sistema nervioso	Define estímulo, receptor, transmisor e efector.
	Identifica distintos tipos de receptores sensoriais.
Explicar o mecanismo de transmisión do impulso nervioso	Explicar a transmisión do impulso nervioso entre neuronas (sinapse)
Identificar os distintos tipos de sistemas nerviosos	Distingue os principais tipos de sistemas nerviosos.
Identificar os compoñentes do SNC e SNP e as súas funcións.	Describe o SNC e SNP dos vertebrados, e diferencia as funcións do sistema nerviosos somático e autónomo
Enumerar as glándulas e as hormonas de vertebrados	Diferencia entre glándula endócrina e exócrina
	Relaciona cada glándula coa hormona/s máis importante e a súa funcio´n
Define reprodución. Diferencia entre sexual e asexual	Describe as diferencias entre reprodución sexual e asexual
Describe a gametoxénese	Distingue espermatoxénese e ovoxénese
Describe as fases do desenvolvemento embrionario	Identifica as fases do desenvolvemento embrionario e os acontecementos característicos de cada unha.
Bloques 7, 8, 9	
Identifica as capas da Xeosfera e as descontinuidades	Sitúa en esquemas as capas do interior terrestre, e identifica as descontinuidades
	Distingue os modelos xeoquímico e xeodinámico
Diferenciar e relacionar as teorías da Deriva continental e Da Tectónica de Placas	Indicar as achegas de cada unha delas.
Clasificar os tipos de bordes de placas tectónicas e sinalar os procesos que acontecen neles	Identificar os tipos de bordes de placas e explicar os fenómenos xeolóxicos asociados.
Define e diferencia mineral e rochas, e os seus tipos	Identifica os tipos de minerais e rochas
Relacionar magmatismo e tectónica de placas	Explicar a relación entre magmatismo e tectónica de placas, coñecendo as estructuras que resultan en profundidade e superficie
Coñecer os tipos de rochas magmáticas	Diferenciar os tipos de rochas magma´ticas pola súa orixe
Coñece os tipos de magmas	Clasifica os magmas pola súa composición e factores que inflúen na súa formación
Diferencia os tipos de vulcanismo ó asocialo co tipo de magma	Relaciona os tipos de actividade volcánica coas características do magma, e diferencia os productos emitidos polo volcán
Define metamorfismo e os factores que o determinan	Clasifica os tipos de metamorfismo polos factores que o condicionan
Distingue os tipos de rochas metamórficas	Relaciona os tipos de rochas metamórficas co tipo de metamorfismo
Explicar a diaxénese	Describir as fases da diaxénese
Clasificar as rochas sedimentarias pola súa orixe	Clasificar as rochas sedimentarias pola súa orixe
Representar os elementos dunha dobra e dunha falla e os tipos	Recoñece os tipos de pregamento e fallas e as súas partes
Aplicar criterios cronolóxicos para datación relativa de formacións xeolóxicas	Interpreta cortes xeolóxicos sinxelos: antigüidade dos estratos, discordancias, acontecementos xeolóxicos, deformacións, oroxenias, e historia.
Coñecer as principais división do tempo en xeoloxía	Identificar os grandes acontecementos xeolóxicos asociados
	Coñece os principais fósiles guía.

2. Avaliación e cualificación

Avaliación.

Procedementos avaliación:

- Seguimento e atención do alumnado no desenvolvemento das actividades, de xeito presencial ou non presencial segundo recomendacións das autoridades.
- Observación do traballo realizado polo alumno na Aula virtual: esfórzase en realizar as actividades programadas, interésase polos temas de estudio, puntualidade na realización e entrega das tarefas.
- Realización das actividades propostas para repaso, reforzo ou ampliación.
- Realización das actividades propostas para recuperación.

Instrumentos avaliación:

- Tarefas con actividades variadas de repaso, reforzo ou recuperación: resolución individual de exercicios, realización de resumos, esquemas, debuxos, imaxes.
- Entrega de traballos: confecciona e presenta os traballos que eran de obrigado cumprimento por estar ditados dende o primeiro trimestre para poder seren desenvolvidos ó longo de todos os trimestres e entregar durante o terceiro trimestre.
- Cuestionarios, probas, ou calquera outro formato a criterio da profesora.

Cualificación final : *(Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso)*

- Nota da primeira avaliación presencial: 60%
- Nota da segunda avaliación presencial: 40%
- Recuperación da/s avaliación/s suspensas: Teranse en conta as tarefas (resumes, boletíns, probas, ou calquera outra tarea) propostas para recuperar as avaliacións suspensas. Se non presentan, serán 0 puntos e non se considerará recuperada.
- Nota da terceira avaliación,
    1. Teranse en conta:
        1. Os traballos propostos ó longo do curso (1º e 2º trimestres) que eran para entregar obligatoriamente durante o 3º trimestre, por tratarse de investigacións ou traballos de longa duración, independentemente do estado de alarma.
        2. As tarefas de repaso ou ampliación propostas pola aula virtual.
    2. A terceira avaliación recibirá unha nota en función do traballo presentado polo alumnado. Puntuación máxima: 1 punto. Se non presentan nada, serán 0 puntos.

Proba extraordinaria de setembro:

- Entrará a materia do 1º e 2º trimestres en forma de proba escrita presencial. Esto contando coa incorporación en setembro de xeito presencial. As Unidades impartidas ata 13-03-2020: Unidades 1, 2, 3, 4, 5, 6, 9.
- Os estándares están recollidos na programación inicial do curso.

Alumnado de materia pendente

- Este curso Non hai pendentes con esta materia.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

Actividades :

- Repaso e reforzo: actividades variadas repetindo o que xa se estudiara e actividades variadas con nivel de dificultade baixo.
- Recuperación: actividades variadas.
- Traballos: terminación de traballos de investigación proxectados ó longo do curso, que estaban baseados na Bioloxía vexetal e dependían dela.
- Ampliación:
    1. Anatomía e Fisioloxía animal comparada: unidades 7, 8, 11: Debuxos, táboas, esquemas para completar, Cuestións curtas, Resumos.
    2. Xeoloxía: unidades 12 a 18: Actividades variadas e sinxelas: Resumos, debuxos, cuestións curtas, gráficas, etc. Cortes xeolóxicos sinxelos

Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):

- Propóñense semanalmente unhas tarefas, que teñen un prazo de entrega.
- Aula virtual como ferramenta de proposta de actividades e da súa posterior entrega.
- Correo electrónico, para casos excepcionais que non poden facelo pola aula virtual ou para comunicacións privadas.
- Outros medios ou ferramentas, de ser o caso.

Materiais e recursos :

- Libro de texto
- Caderno do alumno
- Aula virtual
- Material proporcionado pola profesora en formatos pdf, ou documentos de texto, na medida do posible adecuándose ás peticións/necesidades do alumnado.
- Calquera outro necesario para realización ou entrega de tarefas ou traballos: teléfono móvil, tableta, libreta do alumno con folla cuadriculada, folios, lápices de cores, etc.
- Internet
- Calquera outro necesario.

4. Información e publicidade

Información ao alumnado e ás familias. *Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado.*

- **Aula virtual**
- **Correo electrónico ou mensaxería**
- **Titores**
- **Calquera outra que fora necesario.**

Publicidade. Publicación obrigatoria na páxina web do centro.

- Calquera información que teña que ser por esa vía.